

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
DEZASETE DE DECEMBRO DE 2019, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA D ^a . DIANA VARELA BARREIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día dezasete de decembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA


Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregúntalle ao Sr. Alcalde se é consciente de que os obriga a actuar de xeito irregular ao convocalos a un pleno ordinario cando o primeiro punto da orde do día non é a aprobación da acta da sesión anterior. Nos últimos oito anos asistiu a un pleno no que se retirou da orde do día, pero si figuraba na mesma. Despois do debate ao respecto no pleno anterior, isto parécelle unha rabecha e unha chulería non poñer a aprobación da acta da sesión anterior como primeiro punto na orde do día.

Este debería ser un pleno extraordinario pola présa, unha vez máis, para aprobar o POS+, que tiña que ter ido a pleno no mes de novembro.

Di que o seu grupo actuará en responsabilidade xa que non queren que se perdan os cartos que son para a veciñanza de Vedra.

Solicita un pouco máis de consideración polos grupos da oposición.

A Presidencia replica que non pode estar de acordo coas súas declaracións, primeiro porque o pleno ordinario tocaba mañá, polo que o retraso non é notable; e en segundo lugar, para el era mellor un pleno extraordinario, porque entre outras cuestións non habería rogos e preguntas, nin contestación ás preguntas de plenos anteriores, que é o máis lle interesa á oposición.



En último lugar, a explicación é moi sinxela. O último pleno foi moi tarde e moi longo e á persoa encargada da transcripción coincidiulle coas vacacións e festivos e non estaba a acta preparada.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que se ben é certo que o pleno tocaba mañá, tamén é certo que o anterior se atrasou. De ser certo que a persoa responsable das actas non tivera tempo, o correcto sería incluír como primeiro punto da orde do día a aprobación da acta da sesión anterior e solicitar a súa retirada.

A Presidencia contesta que cre que non ten maior relevancia e que quedan reflectidas as súas opinións na acta do pleno.

1º.- Aprobación, se procede, do POS+ 2020 (Plan único de concellos).

Dáse conta do informe da comisión de urbanismo e plans do 13/12/2019 coas bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS +2020, aprobadas polo Pleno da Deputación, en sesión celebrada o 25 de outubro de 2019 (BOP núm. 208/19, do 31 de outubro)

De acordo coas mesmas, proponse:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	43.538,01	0,00	43.538,01
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
Subtotal pago a provedores	43.538,01	0,00	43.538,01


B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	179.902,35
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	179.902,35



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orz. total
Subtotal investimentos achega provincial 2020	0,00	0,00	0,00

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orz. total
Subtotal investimentos achega provincial 2019	0,00	0,00	0,00

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orz. total
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	0,00	0,00	0,00

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
Banco Sabadell, S.A	807635503577	164.294,38
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		164.294,38


E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	43.538,01		43.538,01
	Achega 2020	0,00		0,00
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	179.902,35		179.902,35
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0,00		0,00
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	0,00	0,00	0,00
	Achega 2019	0,00	0,00	0,00
	Préstamo 2020	0,00	0,00	0,00



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	164.294,38		164.294,38
T O T A L	Achega 2020	179.902,35	0,00	179.902,35
	Achega 2019	43.538,01	0,00	43.538,01
	Préstamo 2020	164.294,38	0,00	164.294,38
	TOTAL	387.734,74	0,00	387.734,74

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
SANEAMENTO EN SANTA CRUZ	125.890,67
AMPLIACIÓN DA SANEAMENTO EN QUINTÁNS, SAN XIÁN DE SALES	130.584,91
TOTAIS	

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, cuestiona ao Sr. Alcalde se vai responder á pregunta que fixo na comisión informativa sobre importe total que se lle debe á Deputación polos préstamos e cando hai que comezar a pagalos.

A Presidencia di que el non estivo na comisión e acaba de decatarse e terá que miralo para contestarlle. Non obstante, anúncialle que tanto na época de Diego Calvo como na de Valentín González ao fronte da Deputación a intención é que eses préstamos nunca se devolvan. Foi unha maneira legal de pasarlle os cartos aos concellos.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que A Presidencia non estaba na comisión, pero que delegou no Alcalde en funcións e tampouco contesta á petición de incluír a cuberta da nave da estación nas obras do POS+. Sinala que o grupo do PSdeG-PSOE nunca votou en contra do Plan de obras e servizos (POS), pero que desta vez van facelo porque non lles contestou ás preguntas que fixeron na comisión nin tiveron en contra as propostas presentadas.

Os euros que se dedican a gasto corrente (179.000 €) é unha premisa que ten este plan e que lle permite facer as obras que lle parece ao grupo do goberno e das que nunca informan. Tampouco lle parece correcto que se dediquen ao pago de facturas 43.538 € que podían ir para investimento.

Por outro lado, días pasados solicitou copia das facturas que se van pagar. Fíxoselle facelo por escrito e contestóuselle que tiñan cinco días para facelo e que lle tiña que contestar a Presidencia, porque a persoa que estaba en funcións non sabía. Sinala que se queren respecto, van ter que empezar a respectar aos grupos da oposición.

Aínda que están de acordo coas dúas únicas obras que van levar a cabo neste plan, anuncia o voto do seu grupo en contra.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, anuncia o voto en contra do seu grupo igual ca fixeron na comisión.

A Presidencia respóndelle a dona Beatriz Amenal que é o ano, con bastante diferenza, que menos cartos se dan dende a Deputación para o Plan Provincial. Non quixo facer sangue con este tema, porque confía que cos remanentes ao final poidan realizar a última fase da nave da estación, e o plan complementario non impide que poidan presentar obras diferentes ou a maiores cando confirmen cantos cartos son.

Por outro lado, cre que si lle contestou á parte importante da pregunta, cando lle dixo que a intención da Deputación de A Coruña dende a presidencia de Diego Calvo ata o de agora é que eses cartos queden nos concellos e non haxa que devolvelos, por iso están dando anos de cadencia.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que non ten dúbida de que van vir máis cartos dende a Deputación. Respecto á devolución dos préstamos, pódelle dicir que hai unha certa dúbida de que iso vaia ser así porque non se adheriron todos os concellos. De ser así, sería estupendo para o concello, pero quere saber a día de hoxe cantos cartos se lle deben á Deputación polos diferentes POS nos que se estivo metendo cartos no préstamo provincial. Pregunta cal é a contía e cando hai que empezar a pagala.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e catro votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG-AA.



2º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG-AA para o empoderamento en materia medioambiental de Vedra.

Apróbase a declaración de urxencia por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da moción presentada polo BNG-AA na que se propón a revisión e posta en valor da moción Plan Integral de Suficiencia enerxética de Vedra.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que esta moción nace do súbito cambio no xeito de pensar do Sr. Alcalde logo da súa participación no COP25 e despois de escoitar a entrevista na radio na que dicía que cambiaran a luces LED e repartiran composteiros.

Recuperan dúas mocións que xa presentaran na lexislatura 2011-2015, o Plan Integral de Suficiencia enerxética de Vedra e a Proposta de xestión integral do lixo.

No que se refire á Proposta de xestión integral do lixo, solicitan a revisión da regulación municipal das taxas de recollida do lixo, de maneira que se reduzan para aquelas familias que composten e separen correctamente. Ademais propón un sistema de recollida porta a porta con taxas progresivas en función do traballo das familias, porque o material que se composta deixa de cobralo Sogama, e ao haber maior porcentaxe de separación ten un menor custe a recollida. É lóxico que o abaratamento da factura repercuta nas familias que fan o esforzo.

En canto ao Plan integral de suficiencia enerxética, propón acadar o financiamento aproveitando unha parte do POS+ que recibe anualmente o concello, incluíndo o apartado de investimento e facelo por fases: 1º ano lexislatura a casa consistorial; 2º ano, casas de cultura e biblioteca; 3º ano, escolas unitarias, centro médico de Vedra, centro da Terceira Idade e locais sociais, etcétera.

A execución da desconexión, realizarase mediante a implementación de obradoiros de traballo e accións formativas para desempregados orientados á formación de traballadores especializados en enerxía solar e estruturas auxiliares.

A formación é a parte fundamental deste plan, e deberían diferenciarse a formación directa con obradoiros periódicos financiados pola Deputación ou a consellería correspondente e coa solicitude de axudas para implantar unha acción formativa para desempregados específica; da formación da veciñanza. A finalidade é converter o concello de Vedra nun referente do decrecemento.

Solicita o apoio do Pleno para aprobar o plan para o empoderamento en materia enerxética e medioambiental de Vedra.

Sabe que é un tema que suscita dúbidas, pro por dar algunhas referencias, en Vedra xa hai veciños que están desconectados, a sede de Norvento de 4.000 m² e con máis de 200 traballadores, un concello de Biscaia de máis de 700 habitantes, edificios autosuficientes na Universidade de León, etcétera.

A proposta é ambiciosa, e xa na anterior lexislatura lle dixera que era un pato coxo (que é como se lles chama en USA aos presidentes na súa última lexislatura) e agora ten a oportunidade de ser valente xa que non ten nada que perder e Vedra, si moito que gañar).

Solicita que o pense o grupo de goberno, e sinala que os custes económicos non son moi grandes. Vedra sería unha referencia en sostibilidade enerxética e podería haber unha xeración de veciños que se podían dedicar a isto coa formación axeitada.



A Presidencia di que tal e como está formulada a moción non a van apoiar. Iso non quere dicir que deixe abertos certos debates que poden aportar moito nos próximos meses.

En canto á xestión do lixo, di que lle parece unha boa idea, pero que necesita facer unha análise real. Na moción non explica como se faría, canta xente ou medios serían precisos, cal sería o custe da implementación, nin como, quen e cando se farían os controis.

No que se refire aos composteiros está de acordo que a xente que paga a taxa do lixo e que os usa, dalgún xeito ten que ver recompensada esa actitude. Cre que a recollida porta a porta non sería fácil de levar a cabo e moi custosa.

No que se refire ao tema da eficiencia enerxética cédelle a palabra ao Sr. Caldelas, Este di que logo de estudar a moción e á espera dunha argumentación máis polo miúdo, salienta que na proposta de desconexión do edificio do concello cun investimento de 20.000 euros, segundo diversas fontes técnicas consultadas, como o Inega, valoran para instalacións fotovoltaicas illadas un custe de entre 12.000 e 114.000 € Kw/ pico instalado. É dicir, nun edificio de 8 Kw/pico, como pode ser a casa do concello, fai falla un investimento de 96.000 €. Cre que sería interesante que presentaran os cálculos ou as fontes de onde saíron esas cifras.

Segundo o RD 244/2019 do 05/04/2021 polo que o actual goberno en funcións regula as condicións administrativas técnicas e económicas de autoconsumo de enerxía eléctrica nos distintos apartados, queda claro que nunha instalación fotovoltaica para autoconsumo é máis interesante estar conectado á rede para poder verter o excedente que estar illado. Segundo este RD o que se verta á rede estaría pagado por encima do que se consume da rede. Deste xeito, o exemplo do pobo de Alemaña que puxo, que producía tres veces máis do que consume, ao estar illado, non saca ningún proveito do excedente que produce.

Por outra banda, o custe de baterías para unha instalación illada, tanto en cartos como en contaminación asociada á fabricación, mantemento, transporte e reciclaxe segundo as tecnoloxías das baterías, pode ser tan prexudicial para o medio ambiente como outros sistemas que a priori parecen máis contaminantes. Por iso, sería interesante un autoconsumo conectado á rede e que non precise de baterías.

Nunha instalación illada, segundo a normativa, sempre se precisa un equipamento de apoio para que, segundo a prioridade, debe garantirse un consumo eléctrico en condicións extremas. Nun edificio como o concello, debido á pouca área de tellado e superficie exterior, sería imprescindible ter un grupo electrógeno de apoio.

Analizados estes puntos, considera que esta proposta non está actualizada respecto ás normativas vixentes e non se axusta ás necesidades reais do concello, polo que se deben tomar outras iniciativas máis axeitadas que se farán nos próximos meses.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, respóndelle que a moción foi incluída no programa electoral que foi revisada pola USC, máster de enerxías renovables pola USC, a Presidencia coñece a que foi directora do máster e recoméndalle que fale con eles.

Co balance neutro horario non hai maneira de sacar cartos cos excesos.

Di que non aproban a moción porque non lles dá a gana.

A Presidencia matiza que é evidente que os proxectos que se están implementando se están facendo con enerxía solar, tanto no centro de coworking como no obradoiro de



produtos agrícolas en San Mamede. Neste, para comezar hai que facer unha inversión de 30.000 € xa que non se poden colocar no telladoos paneis pola orientación e hai que facer obras na parede lateral.

Están apostando por ese camiño nas novas instalacións.

Respecto da concienciación co cambio climático, enerxías renovables, etcétera, di que non tiveron un cambio de opinión de súpeto. Cre sinceramente que agora hai que dar un paso adiante máis e hai que convencer á veciñanza disto, de que é unha prioridade tan grande como o abastecemento, saneamento, camiños, etcétera. Non se trata só de que a administración faga cousas se despois as persoas nas súas vivendas non as fan (formación, concienciación, etcétera)

O feito de repartir un calendario sobre a sostibilidade, supón que a xente se vaia acostumando ao que están falando. Os pasos que se estiveron dando neste sentido son máis dos que se deron en moitos concellos de Galicia, como por exemplo o cambio das caldeiras de gasóleo por as de pellets no pavillón, escola de música, concello, CEIP Ortigueira, que contribúen ao benestar dos veciños e do medio ambiente.

Tamén se contribúe cando se mellora o envolvimento dos edificios, o cambio de toda a iluminación pública a LED para reducir a emisión do CO₂ á atmosfera, a redacción na USC do PAES para o centro da parroquia de Vedra, coa adhesión á Rede de cidades polo clima, e sobre todo cando se subscribe e se aproba en pleno o Pacto dos Alcaldes para o clima e a enerxía que obriga a cumprir os criterios establecidos para o 2030 e o 2050 na emisión de CO₂.

Hai semanas tiveron unha reunión co CIS de madeira para tratar de introducir en futuros proxectos eses materiais.

O concello está a buscar un emprazamento para implementar un punto de recarga de vehículos eléctricos en Vedra; está intentando deixar de usar plásticos, na medida do posible, nas actividades do concello, etcétera, que tamén contribúen a diminuír as emisións de CO₂. E é probable que o próximo proxecto para instalar unha depuradora, esta sexa unha biodepuradora.

Respecto do Pacto dos Alcaldes polo clima, recorda que se comprometeron a:

1º.- Reducir as emisións de CO₂ no territorio polo menos un 40% ata o 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e o uso das fontes de enerxía renovables. Neste apartado entra o sacar a concurso a subministración da enerxía aos distintos edificios municipais, e un dos puntos é que estea baseado en enerxías renovables ao 100%.

2º.- Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor de enerxías sustentables (PACES). Nestes teñen que presentar un plan de acción para o plan de enerxías sustentables no prazo de dous anos a partir da sinatura oficial do Pacto para a supervisión e verificación do proceso.

3º.- Elaborar un inventario de emisións da pegada de carbono.

Cre que é neste marco onde se pode crear unha mesa de traballo para ver onde encaixar os proxectos e os que se poden levar adiante. Existe, por tanto, un compromiso firme do concello con este tema, independentemente de que governe quen governe e é un dos obxectivos prioritarios desta lexislatura como Alcalde e persoa.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que no ano 2015 votaron en contra da proposta do BNG-AA porque propoñían a desconexión.



A aposta polas renovables é unha inversión e está claro que vai custar cartos, e nesta ocasión o seu grupo vai apoiar a moción.

Posta a votación, rexéitase con oito votos en contra do PP e catro votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG-AA.

3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

-- Sobre o tellado da nave da estación, di que é a última fase do proxecto que pretenden acometer o máis pronto posible.

-- Respecto das xestións pertinentes diante da Xunta de Galicia para que a liña de datos da que dispón o concello teña máis capacidade e sexa máis eficiente, di que xa teñen solicitado unha entrevista con Amtega. No seu momento comunicara que ían sacar unhas liñas específicas para os concellos. Aínda non o fixeron, e queren buscar a solución o máis pronto posible. Recoñece o problema de velocidade.

-- Sobre o mal funcionamento da depuradora de San Xián, di que queda para o próximo pleno xa que non puido falar cos responsables.

-- Respecto das fotos da Semana de Vedra nas Cancelas nas que non sae o logo do concello de Vedra por ningún lado e se tivo algún custe para o concello o uso das instalacións, cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro que responde que o uso das instalacións non tivo custe ningún para o concello.

Respecto do logo, di que estaba en toda a publicidade, nas pantallas das entradas dos aparcadoiros, nos mostradores, etcétera.

Aproveita para contestar as preguntas de dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, sobre o custe tivo para o concello a Semana de Vedra nas Cancelas, e responde que foron 395,85 € dos cales comprouse material que está no concello e que se pode reutilizar.

Sobre o uso da disco móbil como xeito de promoción do concello, responde que cando invitaron aos colectivos, empresas, autónomos, etcétera para que fixeran unha proposta do que quixeran facer ou expoñer e que encaixara no programa. Ese programa trasladóuselle ao centro e unha das empresas fíxoala e foi ben acollida.

Quere expresar os seus agradecementos ás persoas, entidades, asociacións e empresas que colaboraron no proxecto.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, di que ela sabe que as asociacións non cobran, pro a disco móbil é unha empresa que traballou case todos os días e estráñalle que non cobrara. Polo tanto ou ten un contrato maior e se endosou esa actividade dentro do contrato ou non sabe como fixeron.

O Sr. Costa Carneiro contesta que esa empresa igual cás outras non cobrou. Foi a súa proposta.

-- Ás preguntas de dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

-- Sobre a implicación de El Corte Inglés e se subvencionou algo da viaxe a Arxentina, xa que aparece o seu logo no boletín en portada, di que non subvencionou nada e aparecía porque era a empresa organizadora da viaxe.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia di que son rogos e toma nota dos mesmos.



-- Ás preguntas de dons Yolanda Vieiro, do BNG-AA, a Presidencia responde:
-- Sobre os criterios para a situación dos novos farois, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que se colocan en base a peticións de veciños, asociacións de veciños para iluminar accesos a vivendas que carecían deles. Tamén en base a criterios técnicos que establece a propia empresa para cubrir zonas de sombra e establecer unha unanimidade na iluminación.

4º.- Rogos e preguntas.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Cal é o motivo polo que ten que solicitar por escrito copias das facturas da achega do POS+ 2019 que figuran no expediente do pleno. Está esperando a resposta unha vez pasado o pleno e a comisión.

2º.- Que está pasando co proxecto de ampliación da rede de saneamento en Vedra. A Presidencia di que faltaba un último permiso que chegou no día de hoxe ao concello e virá o proxecto ao pleno do mes de xaneiro.

3º.- Que foi o que sucedeu coa venda de madeira en San Fins. Cando se cortou, a canto ascende a cantidade e por que actuaron ao revés. O proceso é taxar a madeira, pagala e despois cortala.

4º.- Cal son os criterios para a cesión dos locais municipais para eventos de particulares. Cóntalle que se ceden a uns veciños para celebracións de eventos particulares e a outros adíaselles a resposta. Cre que a cesión debe ser para todos ou para ninguén.

5º.- Gustaríalle saber cal é a situación e en que punto está o cobro dos 80.000 € do BBVA.

A Presidencia responde que están pagados e están pendentes de que a Deputación llos ingrese ao concello.

6º.- Cal é o importe total que se lle debe á Deputación polos préstamos provinciais e cando hai que comezar a pagalos.

7º.- Cando van entrar en vigor as novas concesións do transporte público.

A Presidencia responde que a previsión é que co novo curso escolar estea en funcionamento a nova operadora e cre que a principios de ano sairá a licitación.

Dona Beatriz Amenal pregunta se entra dentro dese plan dar solución ao problema do transporte escolar que teñen os alumnos de San Xián.

8º.- Roga que se amarre un colector amarelo do lixo en Nande.

9º.- Solicita que se realice a análise e etiquetado como auga potable ou non as fontes públicas do concello.

10º.- O outro día houbo un curso sobre o funcionamento da sede electrónica, e considera que o concello leva un retraso considerable nalgunhas cuestións como poden ser as notificación das convocatorias ao pleno. Pregunta cando van comezar a usar notifica.gal, enviar copias de expedientes, etcétera. Cre que facilitaría o seu labor como concelleira e non deberían poñer cada día máis trabas.

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, pregunta:

1º.- Pregúntalle ao Sr. Secretario se un político cunha dedicación parcial pode realizar traballos que non sexan de xestión municipal.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Reitera que se solucione o problema de potencia eléctrica da casa de cultura de San Miguel de Sarandón. Di que ao mellor a solución é a instalación de placas solares.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2º.- Pregúntalle ao Sr. Secretario que acontece coa outra moción que presentaron o outro día e non veu a este pleno.

O Sr. Secretario responde que o portavoz do seu grupo deixouna para rexistrar e que non tiña presa. Irá ao próximo pleno.

Conclúe ao fío as vinte e dúas horas e dez minutos.